

# Proxecto EPÍSTOLA



## **Colección: Fondo: Lois Tobío no seu arquivo persoal**

**Ficha documental da epistola de Isaac Díaz Pardo, a Lois Tobío Fernández do 18/01/1978**

**Colección:**

**Data:** 18/01/1978

**De:**

Isaac Díaz Pardo;

**Para:**

Lois Tobío Fernández;

**Orixe:**

Sargadelos (parroquial), Cervo (municipal), A Mariña Occidental (comarcal)

**Destino:**

Bonetero, 5, 1º (de enderezo), Madrid (local), Madrid (provincial)

**Ficha descriptiva:**

[Carta mecanografada, con sinatura autógrafa e con membrete: SEMINARIO DE SARGADELOS. Remata cun saúdo manuscrito].

**Mencionados:**

Xosé Filgueira Valverde;

**Notas do editor:**

Carta de dúas páxinas.



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

---

## **Transcripción da epistola de Isaac Díaz Pardo, a Lois Tobío Fernández do 18/01/1978**

SEMINARIO DE SARGADELOS  
CERVO - LUGO - TLFNO. 580811

18 de xaneiro de 1978

Sr. Don Luis Tobío Fernandez  
Madrid

Meu querido amigo:

Formulo a presente pra lle comunicar que a empresa "Fábrica de Cerámica de Sargadelos, S.L." tomou en arrendo un local en Santiago de Compostela, no número 16 da Rúa Nova, pra adicalo a Galería de Arte, Libros e Cerámica, semellante a os establecementos que xa ten en Madrid e Barcelona, si ben o local de Santiago a mais de levar unha librería especializada en libros galegos ou referentes a algo de Galicia quérese que traballe tamén o libro portugués.

Coa inauguración desta Galería, que quixeramos facer pra a segunda metade de marzal, vai a coincidir a saída do prelo da edición facsimilar do "Terra de Melide" cun limiar xustificativo do profesor Filgueira Valverde, publicado pola nosa asociada Edicións do Castro.

Coincidindo con estas e outras circunstancias pensamos que a Galería Sargadelos de Santiago debería inaugurarse cunha mostra-homaxe da tarefa cumprida polo Seminario de Estudos Galegos, e dentro de esa mostra, entre outros actos culturais que se celebraría, estaría a presentación da edición facsimilar do "Terra de Melide". Coidamos que é un bó comenzo que Sargadelos, que te un significado pra Galicia, empece en Santiago por rendir un homaxe a unha institución tan galega, e tan de Santiago, como foi o Seminario de Estudos Galegos.

Cara esta mostra fixemos un ante-proieto do seu posible esquema:

- a)- Publicacións do Seminario e consecuentes da tarefa do Seminario.
- b)- Iconografía referente ao Seminario.
- c)- Gráficos coa organización do Seminario.
- d)- Gráfico cronolóxico da tarefa cumprida polo Seminario comparándoa coas tarefas cumpridas por outras institucións que traballaron en campos paralelos en Galicia, Madrid, Barcelona; os feitos históricos que foron determinando a concencia do Seminario; a influencia que exerceu o Seminario, etc.
- e)- A Institución que recolleu parcialmente o espírito do Seminario logo da nosa guerra civil –o Instituto Padre Sarmiento– e que de algún xeito poido manter alcendida unha chama de él.
- f)- O significado do Seminario coma unha Insitución interáreas no coñecemento particular de Galicia e na investigación total.

.../...

Unha proiección contínua de audiovisuales podería completar esta información e tocar outros temas paralelos ou derivados sobre materias que preocuparon ao Seminario coma son o arte popular e a súa correlación co arte culto, eco-sistemas, etc.

A mostra tería reflexo nun importante catálogo que servise xa de tratado pra o coñecemento do que foi a Seminario de Estudos Galegos.

Dentro da mostra celebraríase un ciclo de conferencias pra afondar no coñecemento do Seminario

e discutir, si cabe, a posibilidade da súa restauración conservando dentro de ela o Instituto Padre Sarmiento cuia especializada pro moi importante labor cumprida non se pode abandonar.

Os fundadores do Seminario e os que colaboraron nel e que viven habería que facelos participar de algún xeito nesta mostra, que debería ter un carácter eminentemente cultural tratando de recoller dun xeito, o máis centífico posible, o carácter exemplar que tivo aquela institución. O feito de que o Seminario tivese enxangamentos oblíganos a vixilar que o carácter que se quere destacar poidese dar lugar a consideraciós de tipo político que restarían o gran valor de coincidencia que o Seminario, coma institución cultural, ten pra todos, nós.

Este ante-proieto de guión ou esquema do que pode ser a mostra que nos propoñemos facer ten que ser sometido á consideración das personas interesadas neste tema, polo que nos diriximos a vostede suplicándolle nos faga chegar as súas suxestiós sobor deste ante-proieto.

Agradecéndoas aproveito pra saudalo, coa mais outa consideración

Isaac Díaz Pardo [sinatura autógrafa]

[Palabras manuscritas:] Apertas tensas

Isaac

---

## **Aviso legal do Consello da Cultura Galega**

*A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.*

*De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.*

*O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.*

### **Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":**

*A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.*

*A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.*

### **Consultas e colaboracións:**

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en [epistolarios@consellodacultura.gal](mailto:epistolarios@consellodacultura.gal) ou no teléfono 981957208.